

**II. AUTORIDADES E PERSOAL****B) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DO MAR**

*ORDE do 17 de xullo de 2023 pola que se dispón o nomeamento dun vogal do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia.*

O Consello Reitor é o órgano superior colexiado de dirección da entidade pública empresarial Portos de Galicia, tal como determina o artigo 13 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia. A súa disposición transitoria novena, engadida polo artigo 17 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, mentres non se estableza regulamentariamente o número de vogais do Consello Reitor, a composición do dito órgano e o réxime de substitucións serán os establecidos nos artigos 10 e 11 do Regulamento de Portos de Galicia, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo, e que o nomeamento dos vogais o realizará a persoa titular da consellería competente en materia de portos, conforme dispón o artigo 13.2 da Lei 6/2017, do 12 de decembro.

Polo exposto, de acordo co sinalado no número 3 do artigo 10 do Regulamento de Portos de Galicia, de conformidade coa proposta da secretaria xeral da Presidencia, e no exercicio da facultade atribuída,

**DISPOÑO:**

O nomeamento de José Manuel Merelles Remy como vogal no Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia, en representación da Axencia de Turismo de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2023

Alfonso Villares Bermúdez  
Conselleiro do Mar

